

**VARIACIÓN E CAMBIOS EN
MARCHA NO GALEGO MEDIO.
A P6 DOS PRESENTES DE
INDICATIVO DE *PÓR* OU
POÑER, TER E VIR
E O DESENVOLVEMENTO
DE *ENDE* COMO CONECTOR
ILATIVO E ADVERSATIVO**

Ramón Mariño Paz

Instituto da Lingua Galega,

Universidade de Santiago de Compostela

DOI: 10.17075/cbfc.2020.003

Agradezo a Ricardo Pichel e a Xavier Varela Barreiro as observacións con que confirmaron as miñas lecturas de diversas formas verbais contidas en textos medievais que están depositados no Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

1. VARIACIÓN DIASTRÁTICA, DIAFÁSICA E DIATÓPICA NO GALEGO MEDIO

1.1. Variación diastrática

Os traballos de historia social da lingua galega hoxe en día ao noso dispor (cf. sobre todo Mariño Paz 1998: 201-230, 2008: 111-130; Monteagudo 1999: 197-288) permítennos conxectar, con bastantes garantías, a existencia de tres grandes grupos lingüísticos na Galicia dos séculos XVI, XVII e XVIII: (i) o das elites autóctonas, inmersas nun proceso de abandono do galego como lingua oral habitual que non podería completarse sen o transcurso de varias xeracións, como invitan a pensar a lóxica máis elemental e testemuños como o da correspondencia total ou parcialmente en galego enviada ao señor de Gondomar entre finais do quíntos e principios do seiscentos¹; (ii) o das elites alóctonas, civís ou eclesiásticas, que, dada a gran extensión que o monolingüismo en galego mantivo nesta época, chegarían a adquirir, salvo posibles excepcións, diversos graos de competencia pasiva e activa na nosa lingua²; e (iii) o das grandes masas populares, que, alleas por completo á instrución escolar e abocadas a traxectorias vitais con nulas posibilidades de promoción social e mobilidade xeográfica limitada (salvo en casos coma os dos emigrantes temporeiros, os soldados ou outros), vivirían en xeral, e quitando as inevitables excepcións, instaladas nun monolingüismo en galego con contacto pouco intenso co castelán.

¹ De 1723 data aínda o testemuño de Plácido Feijoo Montenegro, membro da fidalguía rural que afirmaba que na súa casa paterna se criara “nela” [na lingua galega] (cf PF), e de arredor de 1740 o de Sarmiento: “Los Gallegos de hoy tienen su propio dialecto, diferente del Castellano. Háblanle todos, así señores, como rústicos” (Sarmiento 1775: 119; as itálicas son miñas).

² Do caso do cordobés Juan de San Clemente, bispo de Ourense entre 1579 e 1587 e arcebispo de Santiago de 1587 a 1602, deixounos un apuntamento ben interesante o seu biógrafo Pedro Sanz del Castillo, quen dixo del que era moi inclinado a socorrer os necesitados, e que a estes “hablábales en su lengua gallega” (*apud* González García-Paz 1993: 50).

Así as cousas, as variedades diastráticas do galego medio faladas polas elites alóctonas debían de caracterizarse, como norma xeral, por unha considerable transferencia de trazos procedentes da lingua alta, ao paso que as das elites autóctonas, produtoras da case totalidade dos textos en galego da época que hoxe conservamos e coñecemos, presentarían niveis de castellanización sensiblemente inferiores, dado que á condición de naturais do país destas persoas se uniría o feito de que o seu contacto con servidores e outras xentes do común aínda monolingües sería constante. Pola súa parte, as variedades sociais propias das grandes masas populares conservaríanse aínda moi *puras*, como con transparente expresión as caracterizou arredor de 1700 Juan Álvarez Sotelo (ca. 1700: 26a), quen as consideraba propias dos “Plebeyos que nunca salieron del ambito de su Aldea, ni leyeron libros Españoles”, isto é, da inmensa maioría dos galegos daquel tempo. Coa apreciación de Álvarez Sotelo viñeron a concordar as consideracións que sobre este particular había de facer o padre Sarmiento unhas décadas máis tarde: para el, os que falaban o “purísimo gallego” a mediados do XVIII eran non os habitantes das cidades³, senón os “aldeanos” (Sarmiento 1974: 26), os “rústicos labradores”, e en particular as numerosas mulleres que, sendo igualmente de humilde condición social, cantaban “cantiñas gallegas, puras naturales” (*apud* Pensado 1985: 191-196). Sarmiento, daquela, viña a dicir que os que no seu tempo falaban un galego menos castellanizado eran as persoas que constituían o grupo social esmagadoramente maioritario na época. Aquela Galicia, con certeza, estaba aínda lonxe de se constituír nun escenario en que puidese darse unha interferencia lingüística intensa e xeneralizada en ambas as direccións posibles, xa que entón o bilingüismo social necesario para que tal cousa sucedese tiña aínda dimensións moi reducidas.

Un fugaz comentario que Ignacio Armesto y Osorio deixou caer no seu *Theatro anti-critico universal* (1735-1737) apunta á percepción de diferenzas entre as

³ Ao seu modo de ver, os habitantes de lugares “muy populosos o de comercio [...] ni hablan puro gallego, ni puro castellano, sino un tercer idioma champurrado” (Sarmiento 1974: 28). Certamente, en cidades como A Coruña, sede das institucións virreinais do Antigo Réxime e próspero enclave comercial, e Ferrol, que en 1726 se converteu na capital do Departamento Marítimo do Norte (cf. Mariño Paz 2012: 123-133), o establecemento temperán de grupos sociais foráneos investidos de poder político e económico propiciou unha penetración do castelán máis antiga e intensa ca noutras vilas e cidades de Galicia. Ora ben, no conxunto da sociedade galega isto tiña aínda unha relevancia cuantitativa limitada, xa que en 1750 só o 5% dos habitantes do Reino de Galicia residía en núcleos de máis de trescentos veciños (cf. Saavedra 1992: 16).

variedades sociais do galego faladas polas clases populares (o “Vulgo”, o “estado baxo de todas las Naciones [que] suele introducir algunos vocablos adulterinos, y de obscuro lineage, otros impoliticos, y bastardos”) e as propias, se non de todos, si polos menos dalgúns individuos pertencentes ás elites autóctonas (o “estado alto”) que aínda mantiñan un certo uso oral del. Para Armesto, o galego do ferrolán José Bermúdez Mandiá, bispo de Astorga entre 1729 e 1736, era digno de gabanza porque o falaba cun *primor* con que sorteaba o *empobrecemento* en que o idioma caera por non se usar desde había moito tempo “en lo Politico, y por escrito”:

Por lo que toca à las locuciones de Portugueses, y Gallegos, ay que hazer vna distincion entre el Vulgo, y los de estado alto. Es cierto, que el estado baxo de todas las Naciones suele introducir algunos vocablos adulterinos, y de obscuro lineage, otros impoliticos, y bastardos [...]. No ay duda, que el lenguaje Gallego puede estar vn tanto empobrecido, por no vsarse de èl en lo Politico, y por escrito; no obstante, algunos Nacionales lo hablan con mucho primor, y señaladamente el Ilustrissimo Señor don Joseph Bermudez, dignissimo Obispo actual de Astorga (Armesto y Ossorio 1735-1737: II, 168-169).

Probablemente, neste primoroso galego do bispo Bermúdez non cabería o debilitamento de /k/ implosivo en [w] no interior de cultismos que o contivesen dentro dun grupo consonántico heterosilábico, xa que a percepción de tal trazo como “rústico”⁴, anotada por Sobreira, debía de ser compartida entón por moitas persoas letradas: “AUCION. Ribadavia. Lo mismo que *Acion*, pero es rústico” (PDG, p. 312). Ora ben, pouco máis podemos dicir verbo disto, porque as fontes de estudo de que dispoñemos non conteñen datos que nos permitan definir con rigor e extensión os sociolectos do galego medio.

1.2. Variación diafásica

Certamente, a exclusión do uso regular e formal do galego para o desempeño de funcións tales como o labor docente realizado en escolas de avezar, estudos de gramática e aulas universitarias, as accións de goberno das institucións do Antigo

⁴ É curioso e significativo que a caracterización escollida para esta voz por Sobreira fose a mesma que Sarmiento adoptara anteriormente para sinalar o único grupo social que falaba o “purísimo gallego” a mediados do XVIII: o dos “rústicos labradores”, o dos “aldeanos”.

Réxime, a administración de xustiza, o ensino do catecismo, a actividade pastoral da igrexa católica, a administración de sacramentos como o da penitencia, a escritura administrativa, a escritura sobre temas humanísticos e científicos ou o común da escritura literaria formal impediou o desenvolvemento de xéneros discursivos cultos no noso idioma. Como acabamos de ver, Armesto y Ossorio (1735-1737: II, 168-169) manifestouno concisa pero claramente no seu *Theatro anti-critico universal*: “No ay duda, que el lenguaje Gallego puede estar vn tanto empobrecido, por no vsarse de èl en lo Politico, y por escrito”. Así e todo, entre o conxunto de textos dos Séculos Escuros que coñecemos hai algúns que semellan máis próximos dos rexistros coloquiais populares (entremeses e diálogos, algunhas cartas, o anónimo ao prior de Camanzo de 1788 (APC)...), outros claramente distantes deles (a canción en loor de don Diego das Mariñas Parra-gués, os sonetos de Gómez Tonel e Vázquez de Neira, o pranto de Luís de Losada pola morte de Luis I de España, o soneto a Filida de Cornide...) e outros que poderían estar a medio camiño entre ambos os extremos (algúns romances das Festas Minervais, algunhas pezas do cura de Fruíme...). É preciso explorar con detemento este campo de investigación, pois podería proporcionar resultados inesperados⁵.

1.3. Variación diatópica

Non habendo, coa relativa excepción dos de Sarmiento, traballos de investigación sobre a variación diatópica do galego medio que se realizasen naquel tempo recollendo información abundante sobre os distintos niveis de análise lingüística nunha rede tupida de puntos e con metodoloxía rigorosa, as nosas apreciacións sobre ela teñen que tomar como únicos puntos de referencia operativos o noso coñecemento sistemático da variación xeolectal do galego de finais do xx e principios do XXI, as informacións que sobre ela se poden rastrexar nas obras de

⁵ Álvarez e González Seoane (2016: 118-123) fan unha proposta de clasificación tipolóxica dos textos dos Séculos Escuros en que utilizan catro criterios: adscrición xenérica, ámbito de difusión, autonomía e variedade lingüística. Só cando falan do cuarto destes criterios chegan estes autores a rozar a cuestión a que aquí aludo, sen chegaren a abordala. En efecto, Álvarez e González distinguen cinco variedades lingüísticas nesta produción escrita (galego, hibridación galego-castelá, hibridación galego-portuguesa, galego arcaizante e galego paródico), mais a profundización no problema da variación diafásica nestas fontes esixiría facer análises en detalle da primeira destas cinco variedades mencionadas: o galego.

Sarmiento, Sobreira, Cornide e outros lexicógrafos do século XVIII, as hipóteses máis fiables que se poidan elaborar sobre a variación diatópica medieval e as inferencias que poidamos facer baseándonos nos nosos coñecementos sobre as biografías dos autores dos textos conservados e as variantes lingüísticas que en cada un deles se puxeron por escrito. Este é, de feito, o proceder que se observa xeneralizadamente nos traballos sobre o galego medio que se veñen facendo nos últimos anos.

Canto ás súas variedades xeolectais, dando por descontado que unha enumeración e descrición en detalle delas é imposible, paréceme oportuno recordar aquí que o padre Sarmiento sinalou, cun rigor que a dialectoloxía actual veu a corroborar, a que no sur de Galicia sería a fronteira entre os que hoxe chamamos bloque occidental (“país marítimo”, onde se dicía *a man, as mans* ou *terra chan*) e bloque central (“país de tierra adentro”, onde se dicía *a mao, as maos* ou *terra cha*):

A cinco o seis leguas al oriente de Pontevedra corre una cordillera de montañas, de norte a sur, hasta Portugal, una se llama el *Suido*, y la más al norte el *Seixo*; pero al nordeste de la dicha villa, la dicha cordillera divide el país marítimo del país de tierra adentro; y los que han estado en la cumbre del *Seixo* dicen que desde allí se ve toda la marina de Vigo, Pontevedra, Aroza, etc., y todo el mar alto (CVFG, p. 208).

De feito, nos inicios do último cuarto do século XX as isoglosas que separaban as terras de *-án(s)* e de *-ao(s)* no masculino e as de *-án(s)* e *-á(s)* no feminino seguían a discorrer por eses lugares (cf. ALGa 2, mapas 31-32, 35-38, 327; ALGa 3, mapas 209-213, 217-220). Así mesmo, as localizacións puntuais que o padre Sobreira achegou para as tres variantes do plural dunha voz terminada en *-ón* no singular son congruentes co coñecido reparto actual entre resultados occidentais (o de Santiago), centrais (o de Ribadavia) e orientais (o de Vilavella, na Mezquita): “ABELLON. S.f. de ubique. El zángano de colmena. Plur. de Ribadavia *abellòs*, de Santiago *abellons*, de Villavieja *abelloys* (PDG, p. 20)”.

Na miña opinión, tanto estas coma outras divisorias lingüísticas territoriais deberon de se manter bastante estables durante séculos e probablemente só na actualidade, debido á difusión da variedade estándar desde principios da década de 1980 e, sobre todo, a causa da intensificación do abandono do mundo rural como consecuencia da emigración cara a cidades e vilas galegas e non galegas,

estarán a moverse con certa rapidez. Só a investigación rigorosa poderá confirmar ou non a corrección desta hipótese.

2. CAMBIOS EN MARCHA NO GALEGO MEDIO

Actualmente, os niveis de análise en que o noso coñecemento sobre os cambios en marcha no galego medio ten maior alcance son o fonético e o fonolóxico, nos que debemos inscribir a culminación do proceso de desnasalización vocálica, as transformacións do subsistema de consoantes sibilantes, o xurdimento da gheada, o tratamento dos ataques e das codas silábicas e outras cuestións (cf. Mariño Paz 2017: 427-527). Tamén se deron pasos importantes nos terreos da morfoloxía flexiva nominal e verbal, algo menos nos da morfoloxía derivativa e o léxico e case nada no da sintaxe. Consonte este noso coñecemento das mudanzas entón en marcha avanza, creo que se vai consolidando con argumentos a sensación de que unha considerable influencia do castelán sobre os subsistemas fonético, fonolóxico, morfolóxico e sintáctico do galego só se puido dar naquel tempo nos moi minoritarios sociolectos propios das elites, autóctonas ou, sobre todo, alóctonas. Polo contrario, a infiltración e difusión de certas palabras castelás moi vinculadas coas institucións e actividades en que a castelanización foi máis temperá (a relixión, o mundo xurídico e administrativo...) non esixía un contacto tan estreito entre as linguas doadora e receptora, de modo que tales palabras xa se rexistran con frecuencia nas fontes do galego medio: *capilla, deuda, dios, escribano, limosna...*

Como contribución ao progreso do noso saber neste campo de investigación, presento a seguir a análise de dous cambios en marcha no galego medio, un no ámbito da morfoloxía verbal e outro no da sintaxe.

2.1. A P6 do presente de indicativo dos verbos *pór* ou *poñer*, *ter* e *vir*

2.1.1. *Cambios en marcha no galego medieval*

Do infinitivo latino PŌNĒRE resultou o galego medieval *pōer*, que en numerosas ocasións aparece na escrita daquel tempo sen ningún trazo indicador de resonancia nasal (*poer*). No presente de indicativo a P3 PŌNĪT produciu o esperable

pon, con apócope da consoante oclusiva final de palabra e mais do /e/ (< lat. ĭ) situado tras consoante nasal alveolar, mentres que *PÖNENT deu regularmente *pōen*, con apócope da oclusiva dental, nasalización anticipatoria da vogal tónica e síncope da consoante nasal intervocálica. Consonte Martínez Mosquera (2001: 83-85), fronte a *pōen* e á súa variante desnasalizada *poen*, non se coñecen rexistros medievais dunha P6 do presente de indicativo *pon* (*eles / elas pon*) en que se consagrara o seu sincretismo coa P3 (ambas con /'ɔ/), ao paso que outros posibles testemuños de formas integradas nun paradigma innovador *pór*⁶ na documentación daquel período que esta investigadora relaciona (Martínez Mosquera 2001: 78, 101) non son concluíntes porque aparecen en edicións de textos que non inspiran completa confianza ou porque son indiscutiblemente o resultado de decisións editoriais erradas⁷. En principio, as formas de futuro de indicativo ou de pospretérito con radical escrito *por-* (*porey*, *poría*...) probablemente non son outra cousa ca variantes gráficas das entón máis abundantes, que se escribían coa secuencia *porr-* e tiñan consoante vibrante múltiple no lexema (*porrey*, *porría*... < **pon`rey*, **pon`ría*... < *PÖNĒRE AĪŌ/ĒA...) (cf. Martínez Mosquera 2001: 90-95; Varela 1998), de modo que en xeral tampouco podemos catalogar tales *porey*, *poría*, etc. como probas da existencia dun paradigma innovador *pór* antes de que rematase o período medieval. Así e todo, dado o seu carácter tardío, creo

⁶ Do meu punto de vista, a explicación fonética para a xeración de *pór* a partir de *poer* é pouco convincente porque esixe postular a insólita concatenación dun hiperbismo (*poer* > **póer*) e unha asimilación dilatoria (**póer* > **póor*), seguida finalmente de coalescencia. Non coñezo ningún outro posible caso galego en que tal concatenación puidese darse. Máis acorde con pautas de cambio ben coñecidas me parece falar dunha creación analóxica inspirada nos evidentes paralelismos de *poer* con outros dous verbos irregulares de altísima frecuencia de uso: *ter* e *vir* (cf. Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega 2003: 158; Mariño Paz 2003: 241).

⁷ Non fixen unha comprobación exhaustiva de todos estes rexistros, mais si dalgúns deles. Sobre o presunto xerundio *pondo* que aparece na edición do *Tratado de Albeitaría* (ca. 1409-1420) realizada por Domínguez Fontela (1938-1939: 351) xa Pérez Barcala (2013: 257, n. 262) advertiu que non hai tal no manuscrito, onde o que se le é *podē*. Tampouco parece haber un infinitivo *pór* na mesma obra, pois a lectura “et en *por* moito en esto estudo et caamento” que propuxeron Domínguez Fontela (1938-1939: 352) e Pensado (cf. TA: p. 69) non fai sentido no contexto en que aparece porque supón unha incorrecta interpretación do que se ve no manuscrito, que semella ser “cu | p” (= *cunpre*, con omisión do trazo abreviador de <-n> sobre <u> no manuscrito) (cf. Pérez Barcala 2013: 265, n. 298). Canto ao presunto *pór* dun texto do Concello de Ourense de 1438 editado por Ferro Couselo (VFD: II, 263), a súa lectura no Arquivo Histórico Provincial de Ourense reveloume que na realidade se trata probablemente de *poer*, e de ningunha maneira de *pór*. Con todo, en textos portugueses os rexistros máis antigos do infinitivo *pór* parecen datar da primeira metade do século xv (cf. Louredo Rodríguez 2014: 35), polo que desde logo é posible que tal innovación tamén se coñecese xa daquela en galego.

que o *poria* de CI (5.6) si se podería corresponder xa cunha forma con /-r-/ do paradigma de *pór*.

Canto a *poñer*, o modelo alternativo a *poer* e a *pór* xerado mediante a extensión do primitivo lexema da P1 do presente de indicativo (*PŌNĒŌ > *poñ-o*) e de todo o presente de subxuntivo (*PŌNĒAM > *poñ-a*, etc.) a todos os tempos do tema de presente, tamén temos que desterrar do escenario distintos fantasmas que desde hai tempo circulan en edicións de textos medievais realizadas con pouco rigor filolóxico⁸. Se limitamos a nosa exploración ás edicións que si inspiran confianza, creo que debemos empezar por alegar o rexistro de *ponja* en LNAP (“e le *ponja* e puso ño jur e posesio”), que data de 1457 e en todo caso abonda para certificar a circulación de *poñer*, ou polo menos dalgunhas unidades deste novo paradigma, nalgunhas variedades do galego oral daquel tempo. De feito, un infinitivo *poñer* aparece inequivocamente nun inventario de bens celanovense do 20 de xullo de 1519 de lingua híbrida galego-castelá (cf. VFD: II, 218) que lin persoalmente no Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Pola súa parte, o *poner* de DAG (“τ cada una parte *poner* sua semente”, ano 1276) aparece nun documento temperán en que tamén se len *auenas*, *monesteiro*, *monesterio* e *una*⁹, de modo que me inclino a pensar que debemos interpretalo como variante gráfica de *pōer*¹⁰, é dicir, como unha voz con indicación da resonancia nasal mediante <-n->, como adoitaba facerse nos nosos textos romances máis antigos.

⁸ As buscas de rexistros medievais fíxenas por medio do TMILG, onde o lector interesado poderá atopar as referencias exactas que lle permitirán localizar en cada texto as formas daquela época citadas nesta contribución. A consulta persoal dos correspondentes manuscritos permíteme afirmar con toda a certeza que os *poner* (19.06.1338), *ponemos* (01.06.1349) e *interponya* (08-09.11.1423) de FDUSC non son outra cousa que *pōer*, *pōemos* e *jnterpoyna*, mentres que de *ponemos* (FDUSC, 14.05.1377) debo dicir que creo que podería corresponderse con *ponemq*, mais non estou en condicións de aseguralo porque a tinta do documento está esvaída nesa pasaxe. Os tres insólitos *poner* que o TMILG recolle de LP —dous deles, ademais, presentes en cantigas de trobadores que con certeza non foron galegos— inspiran escasa ou nula confianza: o de Don Dinis só se dá nos tardíos B e V; o de Pedr’Amigo de Sevilha é *poner* en B e *pōer* en V (cun trazo oblicuo en posición interna que risca algo anterior e trazo abreviativo sobre <o>); e o de Estevan da Guarda é *pōer* tanto en B coma en V (cf. Lopes / Ferreira 2011). O suposto *ponen* dun documento celanovense de 1481 (VFD: I, 171) é realmente *pōen* ou *poen*, como puider comprobar no Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Non fixen o escrutinio de todos os demais posibles rexistros de formas de *poñer* / *poner* que devolve o TMILG, mais o feito de que aparezan en edicións sen garantías filolóxicas obriga a consideralos con moitas reservas.

⁹ Iso si, de par de *algũa*, *centēo* e *Chão* e de *Graada*, *homéés*, *Móogo* e *Moogo*.

¹⁰ E as outras voces citadas como variantes gráficas de *auēas*, *mōesteiro*, *mōesterio* e *ūas*.

A P3 do presente de indicativo de *tēer* > *teer* > *ter* (< lat. TĒNĒRE) é na lingua medieval *ten*¹¹, a forma resultante das sucesivas apócopes da consoante oclusiva dental e de /e/ tras nasal alveolar experimentadas por TĒNET. Pola súa parte, a P6 *tēen* > *teen* (< lat. TĒNENT), coas súas diversas variantes gráficas, formouse debido á apócope da oclusiva dental, á nasalización anticipatoria da vogal tónica e á síncope da consoante nasal intervocálica. Certamente, o conservadorismo da escrita medieval no tocante á representación dos hiatos heterorgánicos e homorgánicos (cf. Mariño Paz 2006) coutou o emprego fluído da variante escrita *ten* (ou *tem*, ou *tē*), con expresión explícita da coalescencia das dúas vogais da P6 *teen* que se debeu de dar desde antigo na lingua oral. Así e todo, en edicións de textos dignas de crédito áchase algún rexistro dela, seguro ou moi probable¹².

Son probables, mais non completamente seguros, os dous seguintes testemuños de THCS, nos que, aínda que *ten* leva de feito un suxeito en plural, non se pode descartar a posibilidade de que os seus responsables establecesen a concordancia do verbo estritamente coa primeira das dúas unidades coordinadas por *e* en cada un dos dous casos:

As quaes libras auedes de pagar ao teençeiro que porlos tenpos for da dita teença do Horro a que perteeçen as ditas casas, e asý etcétera por uós etcétera e sen desconta da dita contía por vosa custa auedes de adubar e rrefazer as ditas casas de todo adubeiro que lles foren mester e fazerlas igoães das outras ditas casas d'a par delas que *ten* o dito Gonçaluo Torto e Peruxa des día de... (THCS, ano 1392).

a leira da herdade que jaz ãna Agra da Gafaría junta con a outra herdade que de min *ten* aforada Iohán Gonçalues e Afonso Fernandes (THCS, ano 1393).

Dada a súa coordinación con *creen*, paréceme moi probable que *ten* sexa tamén unha P6 na seguinte pasaxe de CI (1467-1468), na que, ao se entender *eglleia* como substantivo colectivo, acaba por establecerse unha concordancia *ad sensum* entre suxeito e verbos:

Eño qual, en suma, se conten que o santo padre por rreuerçia do apostollo Santiago, cuJo corpo he sepultado enã eglleia de Cópostella, segũ *ten* et creen a eglleia oçiden-

¹¹ Pode aparecer coas variantes gráficas *tē* e *tem*.

¹² Tamén hai un rexistro da variante disimilada *teĩ* nun testamento de 1260: “e mādule mia vot daquela erdade que me *teĩ* os frades de melon forzada” (TEP).

tal, por rreuerençia do apóstollo Santiago, do qual foy trasladada a Eglleia de Yria en Conpostella et sacada de subJeyçõ da metropolitana, a Eglleia de Bragãa, et santo membro da Eglleia de Rroma.

Tamén me inclino a interpretar como P6 os seguintes dous casos de HG-P, o primeiro deles de data tan temperá como 1262:

Outroflí mádamof que ho moefteyro de Subrado dé en apreftamo vno agro que est en Feruenzal que fuy de Pay Rodriguez, que chamá do Pino, a ella Maria Perez τ a sua neta Vrracha Rodriguez per la condiction que *tem* of outrof tres cafaref en Veegio por Subrado τ esse móefteiro deue a ellaf fazer esse agro de paz τ ellaf ajudandoof aa bona fe (HG-P, ano 1262).

Item aforá a Eynes Rodriguez et a seus fillos et netos a vina do Val de Oso et tres leyrras aa seara: a de dar en sua vida setima et dizimo et as voses sexto et dizimo enna granja; et mais o oliuar que *tē*¹³: dá em sua vida sexto das belotas et as voses sexto et dizimo; et... (HG-P, ano 1473).

Para evitar prolixidades, omito a discusión sobre outros posibles casos de *ten* como P6 que se poden rastrexar mediante o TMILG, especialmente en fontes do século xv. En todo caso, o seu rexistro certo nun texto de 1527 (CNV1) confírelles unha convincente aura de versosimilitude a tales testemuños medievais.

Polo contrario, non existen atestacións inequívocas dunha P6 *teñen* en escrituras do Medioevo, xa que as que proporciona o TMILG proveñen, unha vez máis, de edicións sen garantías filolóxicas¹⁴. Obviamente, tampouco nos valen os catro rexistros de *tenen* que aparecen no texto A do *Tombo das viñas de Ribadavia*, xa que este se redactou, probablemente entre 1251 e 1258, nunha variedade híbrida galego-leonesa na que son frecuentes outras voces como *tener* ou *una*, que en galego perderon o /n/ intervocálico pero que nel se escribiron con <-n-> (cf. Méndez Fernández 2015: 91-92). Esta innovadora P6, formada coa incorporación do lexema propio da P1 do presente de indicativo (TĚNĚŎ > *teño*) e de todo o presente de subxuntivo (TĚNĚAM > *teña*), permitía evitar a homofonía entre

¹³ Coido que o suxeito deste *tē* é o mesmo ca o de *aforá*, na primeira liña.

¹⁴ No Arquivo Histórico Provincial de Ourense comprobei persoalmente a incorrección da lectura *teñen* que se le na edición que Ferro Couselo (VFD: I, 127) fixo dun testamento ourensán de 1439 que se copiou nun texto de 1484. O que alí se le é realmente *tenan* ou *teña*. Non fixen comprobacións doutros presuntos rexistros medievais de *teñen*.

P3 e P6 á que se chegara ao consumarse a coalescencia do hiato da P6 *teen*: *el(a) ten | eles, elas ten > el(a) ten | eles, elas teñen*.

Canto ao verbo *vēir > vīir > viir* (< VĚNĪRE), a P3 do presente de indicativo VĚNĪT resultou na medieval *ven* como consecuencia das apócopies de /t/ e do /e/ en que acabara o Ī latino, mentres que a P6 *VENENT xerou *vēen* (> *veen*), con apócope de /t/, nasalización anticipatoria da vogal tónica e síncope de /n/. Un rexistro dunha P6 *ven*, con coalescencia das dúas vogais en hiato, aparece nun texto recollido en VFD (II, 20) que está datado en Ourense o 21 de febreiro de 1433¹⁵. Como testemuño do uso dunha P6 analóxica *veñen* non vale o *uenen* dun documento de Samos de 1264 que Margot Sponer editou en DAG (“τ en plazo de .X. anof primof que uenen”), xa que neste documento, xunto a *bōa, boas, duzea, Graada, Juliao, moeda, moesteiro, téedef, teudo...*, tamén se len *bénef, bonaf, bonof, pertencencias, uener e una*, onde a resonancia nasal das vogais asimiladas polo /n/ que se perdeu se marca con <-n->.

Por tanto, mentres que fronte ás comúns *tēen* e *vēen* se ven nas fontes medievais ocasionais rexistros das innovadoras *ten* e *ven*, non poden ofrecer ningún testemuño de *pon* como alternativa a *pōen* en documentos daquel tempo. Por outro lado, en tanto que non contamos con atestacións seguras nin de *teñen* nin de *veñen*, a de *ponja* en 1457 e a de *poñer* en 1519 autorizan a admitir o uso de *poñen* en certas variedades do galego oral de mediados do século xv e principios do xvi. Evidentemente, estas fontes de estudo non nos transmiten información íntegra sobre todo o espazo variacional da Idade Media, polo que non podemos desbotar que na lingua oral de entón xa se usasen tamén as innovacións *teñen* e *veñen*.

2.1.2. Cambios en marcha no galego medio

Para informar ordenadamente sobre como evolúu a situación anteriormente descrita no galego medio é imprescindible reparar en que, mentres que nos casos de *ten | teñen* e de *ven | veñen* a mudanza ha de examinarse circunscibindo a análise ás formas da P6 do presente de indicativo rexistradas despois da Idade Media, no de *pon | poñen* non se pode actuar da mesma maneira, xa que estouta variación se inscribe no marco dunha completa reorganización do escenario variacional do

¹⁵ Comprobei persoalmente esta lectura no Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

verbo medieval *pōer*, que deu paso á configuración de dous paradigmas novos, o de *pór* e o de *poñer*, que no estándar actual coinciden nos tempos do tema de perfecto e no participio, pero diferéncianse en case todos os tempos do tema de presente, na P5 do imperativo, no xerundio e no infinitivo.

Presento, antes de nada, os datos destas tres P6 recadados nos textos do galego medio¹⁶. Polo que se refire ás formas que a seguir expoño, cómpre sinalar que, en coherencia co que dixen no parágrafo anterior, nos casos de *pór* e *poñer* recollín non só as formas da P6 do presente de indicativo, senón tamén aquelas outras que poidan revelar cal dos dous modelos é o que prevalece en cada texto. Esta información resúmese en cifras absolutas e en porcentaxes na Táboa 1.

CNV1 (1527). TER: *ten* (l. 12).

DAB (ca. 1595-1596). TER: *ten* (v. 306).

CG6 (1604). PÓR / POÑER: infinitivo, *pólas* [pór] (l. 16).

HY (ca. 1617-1630). PÓR / POÑER: infinitivo, *por* (9r, 12v, 16r) [CI: *poer*, 4.11, 5.6, 6.9], *pôr* (16v) [CI: *poer*, 6.10], *poer* (13r) [CI: *poer*, 5.6]; xerundio, *pondo* (14r) [CI: *poendo*, 6.3.]; copretérito, *puñan* (8v) [CI: *poynã*, 4.10]; futuro do pretérito, *poria* (13r) [CI: *poria*, 5.6]. TER: *ten* (7v) [CI: *téen*, 4.7], *ten* (15r) [CI: *ten*, 6.5].

HDS (ca. 1625-1637). PÓR / POÑER: *pon* [7, 73 -2 veces-, 77]; infinitivo, *por* (13, 73, 114); copretérito, *punan* (111) e o estraño *poña* (39); futuro de indicativo, *ponerey* (44) e *ponderey* (37, co lexema do castelán). TER: *ten* (47 veces). VIR: *ben* (4 veces), *ven* (27 veces).

XF (1649). VIR: *vem* (v. 30).

EF (1671). PÓR / POÑER: infinitivo, *por* (1v, 2v, 3r, 3v), *polas* ‘pór as’ (2r); xerundio, *pondo* (1v). TER: nas intervencións en portugués, *tein* (1r, 2r). VIR: *ben* (2v); nas intervencións en portugués, *vein* (1v).

FM (1697). PÓR / POÑER: *opòn* (FM4, v. 6), *propon* (FM6, v. 22); infinitivo: *compòr* (FM3, v. 1). VIR: *ven* (FM4, v. 17).

¹⁶ Fixen esta busca mediante sucesivas lecturas de todas e cada una das fontes que menciono. A moitas destas fontes pódese acceder a través do recurso *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna* (Álvarez / González Seoane 2017), que conta cun buscador que pode ser útil para localizar formas empregando diversos tipos de filtro.

SFR (ca. 1708-1712). PÓR / POÑER: infinitivo, *por* (v. 25), *pòr* (vs. 127, 436) / *poñer* (v. 47); xerundio, *poñendo* (v. 410); imperativo P5, *Ponda messa* (v. 405). TER: *teñen* (vs. 97, 524).

JNC (1708). TER: *ten* (v. 38).

HSIIF (1713-1737). PÓR / POÑER: *pon* (79.3); infinitivo, *poer* (73.8) [CI: *poer*, 4.11], *poer* (137.22). VIR: *ven* (79.4).

PF (1723). PÓR/POÑER: futuro de indicativo, *porey* (v. 18).

CVGR (1746-1747). PÓR / POÑER: *pon* (487.4, 999.3); o paradigma de *poñer*, só no copretérito, e non de forma exclusiva (cf. Mariño Paz 1995: 89). TER: *tem* (23.4), *ten* (109.3, 540.3, 545.2 -*tein* MP-, 551.1 -*tein* MP-, 694.3, 705.2, 773.4, 951.3, 1116.3, 1193.1), *tén* (1127.4, 1145.2)¹⁷.

GMM (ca. 1750). PÓR / POÑER: infinitivo, *pór* (v. 61).

MGO (ca. 1755). VIR: *ben* (l. 10).

RUSA (1777). TER: *teñen* (vs. 407, 439).

CF1 (1778-1781). PÓR / POÑER: *pon* (vol. III, p. 315), *componse* (vol. I, p. 331); infinitivo, *póres* (P2, conxugado: vol. I, p. 322) / *opoñerse* (vol. I, p. 316); xerundio, *propondo* (vol. III, p. 318). TER: *ten* (vol. I, p. 316; vol. I, p. 322). VIR: *ven* (vol. I, p. 315).

CF2 (1754-1776). PÓR / POÑER: infinitivo, *pôr* (p. 177, v. 2), *compòr* (p. 178, v. 20) / *compoñelos* (p. 178, v. 35); xerundio, *compondome* (p. 178, v. 19). TER: *ten* (p. 172, v. 53). VIR: *ben* (p. 179, v. 26).

CF3 (ca. 1755). PÓR / POÑER: infinitivo, *por* (p. 191, v. 2; p. 193, v. 20; p. 194, v. 54) / *Compoñerlos* (p. 192, v. 35); xerundio, *compondome* (p. 192, v. 19). TER: *ten* (p. 188, v. 40; p. 193, v. 23).

CF4 (1775-1778). PÓR / POÑER: infinitivo, *porme* (“A Cabaza”, v. 29).

CF6 (1775) PÓR / POÑER: infinitivo, *porme* (5v); xerundio, *póndome* (5r); futuro de indicativo, *porá* (4v). TER: *tén* (3v) / *teñen* (8r).

DC (ca. 1773-1777). PÓR / POÑER: infinitivo, *Compór* (D45) / *poñerche* (D15), *poñer* (D24), *poñerlles* (D24), *poñerte* (D48); xerundio, *poñendote* (D14), *compo[n]endo* (D44); futuro de indicativo, *poreiche* (D49). TER: *tente* (D1), *manten* (D11) / *teñen* (D9). VIR: *veñen* (D9, 2 veces).

¹⁷ Nas coplas engadidas que presenta o tardío manuscrito MP, que non son de Sarmiento, lense *ten* (1236.3, 1300.2) e *teñen* (1238.3). Sarmiento nunca usou *teñen* nas súas 1201 coplas (cf. Mariño Paz 1995: 16).

APC (1788). TER: *ten* (p. 37).

CFB (ca. 1790; Baiona). TER: *teñen* (3r).

PDG (1792-1797). PÓR / POÑER: infinitivo, *por* (pp. 130, 156, 185, 234...), *compolo* (p. 185). TER: *ten* (p. 465; nas Mariñas). VIR: *ven* (p. 214, s.v. *antoninas*).

EHGBG (1794). TER: *tén* (p. 261).

VP (ca. 1800; Padrón). PÓR / POÑER: infinitivo, *poñer* (p. 82; e o adxectivo *poñedor*).

A lectura dos datos que proporciona o ALGal (mapas 319-322, 328-329, 332-334) revela que no galego popular de hai uns corenta anos *poer* se mantiña con consistencia na área asturiana, ao paso que o modelo de *poñer*, consolidado —aínda que non sen excepcións— nas dúas provincias setentrionais e mais no norte da de Pontevedra, estaba a avanzar a custa do meridional *pór*, que con todo resistía con non pouco vigor en puntos da Coruña e de Lugo, e particularmente na área fisterrá. A pugna entre *pór* e *poñer* semellaba intensa no litoral pontevedrés situado entre as rías de Arousa e de Vigo, mais tamén en bastantes puntos do interior da provincia de Pontevedra e da de Ourense, nos que a variante innovadora se presentaba xa como alternativa consolidada fronte á tradicional. A substitución do modelo de *pór* polo de *poñer* parecía algo máis adiantada no xerundio e na P6 do presente de indicativo ca nas outras formas, xa que non se usaban *pondo* nin *pon* en bastantes lugares en que si se usaban *pór*, *pomos*, *pondes*, *puña*, *porei*, *poría* e *ponde*, e nomeadamente na zona costeira que vai desde a ría de Arousa ata a de Vigo. No interior resultaban moi reveladores os datos de Oímbra e a comarca de Verín, onde se empregaban *pór* e *poñer* (este con moi pouca frecuencia), *pondo* e *poñendo*, *pomos* e ás veces *poñemos*, *pondes* (e *podes*) e *poñendes*, *puña* e *poñía* / *puñía* (estas variantes, infrecuentemente), *ponde* (e *pode*) e *poñende* (e tamén *poñede*), mais nunca *pon* nin *poñerei* nin *poñería*, senón sempre *poñen*, *porei* e *poría*. Semella, por tanto, que nestas terras do sueste ourensán a substitución de *pór* por *poñer* estaba daquela concluída na P6 do presente de indicativo, nin sequera iniciada no futuro de indicativo e no futuro do pretérito e a medio camiño nos restantes tempos. Que a P6 do presente de indicativo se situaba entón na vangarda do cambio parecía ratificalo o feito de que a innovadora variante *poñen* se rexistrase sen competencia de *pon* en bastantes lugares das provincias meridionais en que perduraba o modelo de *pór* nos outros tempos. Tamén o ratifica o feito de que moito máis recentemente Louredo Rodríguez (2018: 245) observase

que na comarca do Ribeiro esta P6 *pon* é, xunto á P5 *pondes*, a menos usada das formas específicas do paradigma de *pór*, que se encontra en proceso de abandono naquela comarca ourensá.

Desde a perspectiva que configuran estes datos do último cuarto do século xx e de principios do XXI, os extraídos das fontes do galego medio veñen a confirmar que *pór* era no XVII e no XVIII unha variante solidamente ancorada na Galicia do sur, da que con certeza emanaron os lucu-aurienses HDS¹⁸, FM6¹⁹ e PE, os tudenses CG6, EF e quizais tamén FM3 (cf. Couceiro Freijomil 1951-1953: I, 308), o talvez lalinense FM4²⁰ e mais o pontevedrés CVGR, e na que ademais se recolleu a maior parte do léxico e das expresións que se reuniron en PDG. Ora ben, SFR²¹ pon de manifesto que é posible que ao principio do século XVIII o modelo de *pór* conservase aínda altos niveis de uso na comarca da Coruña²², para a que o ALGa1 só revelaba hai unhas décadas a persistencia de *pór* ao lado de *poñer* no infinitivo, mais non en ningún outro punto do paradigma²³.

Xunto a este, paréceme moi digno de atención o testemuño que ofrece HY (ca. 1617-1630), unha copia de CI que se realizou no ámbito catedralicio de Santiago e que, caracterizada por unha marcada inclinación modernizadora da lingua, pasou para *por* ou *pôr*²⁴, *pondo* e *puñan* os *poer*, *poendo* e *poynã* da fonte do xv. Casan ben con isto o feito de que a mediados do XVIII o probablemente compostelán GMM achegue tamén un caso de *pór* e o de que os datos do cura de Fruíme (CF1, CF2, CF3, CF4 e CF6) revelen preponderancia deste modelo, mentres que nos nosos tempos é *poñer* o que prevalece por terras de Santiago

¹⁸ *Ponerey* é forma excepcional neste texto.

¹⁹ José Guerrero Lasso de la Vega, o autor de FM6, era madrileño, mais exerceu como cura párroco das freguesías chantadinas de San Salvador de Vilaúxe e San Miguel de Bucións (cf. Couceiro Freijomil 1951-1953: II, 210).

²⁰ Aínda que natural de Santiago (cf. Couceiro Freijomil 1951-1953: II, 165-166), o seu autor, Joseph Gil Taboada, pertencía a unha familia oriúnda destas terras.

²¹ Salvador Francisco Roel, o seu autor, era natural da Coruña, segundo se declara na primeira páxina do seu “Entremes gallego”.

²² Con esta impresión concorda o dato da presenza de *pór* e de *porei* en cántigas reunidas no *Cancionero popular gallego* (1885-1886) que o seu autor, José Pérez Ballesteros, escoitou nos concellos de Aranga e Abegondo, respectivamente (cf. Sánchez Rei 2006: 275).

²³ Sucédía isto, concretamente, no lugar de Mesoiro, pertencente á parroquia de Elviña.

²⁴ Só nunha ocasión se mantivo *poer* (13r). Pola contra, obsérvase que HSIIF resulta neste aspecto moi conservador da forma propia do galego medieval, xa que unicamente empregou *poer*, tanto cando verteu directamente algún fragmento de CI coma cando non.

e da montaña de Lousame, en todo caso non moi distantes de lugares en que hoxe perdura o emprego, non sistemático, das variantes do paradigma de *pór*. Esta pugna entre *pór* e *poñer* preséntase con claro predominio da segunda opción en DC, probablemente obra dalguén oriúndo tamén da bisbarra compostelá ou asentado nela (cf. Fernández Salgado 2017: 112-113). Obviamente, o cura de Fruíme e mais o autor de DC coñecían ben as dúas variantes desta variable verbal, polo que foron optando por unha ou outra segundo llelo fosen demandando as esixencias de medida, ritmo e rima dos seus versos. En fin, un uso bastante estendido de *pór* na bisbarra compostelá suxíreno aínda os datos das tertulias santiaguesas de principios do século XIX (cf. Mariño Paz 2003: 238-241).

Da liña fronteiriza entre as terras de *pór* e de *poñer* que hoxe está situada no suroeste da actual provincia da Coruña procede tamén o rexistro de *poñer* no padronés VP, de arredor de 1800. Pola súa parte, CVGR apunta a un claro predominio de *pór* ata moi entrado o setecentos na cidade de Pontevedra e na súa redonda, onde hoxe en día tende a impoñerse o paradigma de *poñer*.

En conxunto, a lectura combinada dos datos do galego medieval, do galego medio e do ALGa1 suxire que *pór* e *poñer* deberon de coexistir en moitos lugares do noso territorio desde o final da Idade Media e que o avance de *poñer* a custa de *pór* en dirección norte-sur e leste-oeste estaba menos estendido ca hoxe ao finalizar o século XVIII. Os textos das primeiras décadas do XIX configuran en conxunto unha situación na que *pór* resistía moi pouco na P6 do presente de indicativo, bastante máis no infinitivo e nas outras persoas do presente de indicativo e moito máis no xerundio, no copretérito, no futuro de indicativo e no futuro do pretérito²⁵. Este modelo de *pór* mantivo aínda un alto grao de representación na tradición gramatical e literaria de todo o XIX (cf. González Seoane 1992: 603-606; Freixeiro Mato / Sánchez Rei / Sanmartín Rei 2005: 449-451; Louredo Rodríguez 2014: 36-37).

²⁵ A propósito disto, reitero aquí o que dixen en Mariño Paz (2003: 239): “Probablemente isto queira dicir que, no amplo proceso de mudanza morfolóxica que levou cara á xeración do innovador modelo de *poñer*, os movementos máis antigos e/ou máis rápidos corresponderon á constitución de formas analóxicas na P6 do presente de indicativo e no infinitivo, para a partir de aquí írense creando e/ou consolidando as correspondentes solucións na P4 e a P5 do presente de indicativo, no futuro de indicativo, no pospretérito e no xerundio”.

	PÓR / POÑER		TER		VIR	
	pon	poñen	ten	teñen	ven	veñen
CNV1			1			
DAB			1			
HY			2			
HDS	4		47		31	
XF					1	
EF					1	
FM	2				1	
SFR				2		
JNC			1			
HSIIF	1				1	
CVGR	2		13			
MGO					1	
RUSA				2		
CF1	2		2		1	
CF2			1		1	
CF3			2			
CF6			1	1		
DC			2	1		2
APC			1			
CFB				1		
PDG			1		1	
EHGBG			1			
Totais	11 (100%)	0 (0%)	76 (91,5%)	7 (8,5%)	39 (95%)	2 (5%)

Táboa 1. Números de rexistros e porcentaxes das variantes da P6 dos presentes de indicativo dos verbos *pór* ou *poñer*, *ter* e *vir* e os seus derivados en textos do galego medio

Polo que se refire en concreto á P6 dos presentes de indicativo de *pór* e *poñer*, o certo é que os rexistros con que contamos son tan poucos que debemos manexalos con moita cautela. Que só poidamos presentar casos de *pon*, *compón*, *opón* ou *propón* nos Séculos Escuros debe explicarse en parte pola procedencia meridional segura ou probable de case todos os textos que os conteñen, coa excepción da obra

de Diego Cernadas, cura de Fruíme, que viviu en terras centrais en que no século XVIII aínda debían de utilizarse con frecuencia os dous paradigmas²⁶. Por outro lado, cómpre ponderar tamén que seis dos once casos detectados se encontran en textos poéticos, nos que a escolla entre *pon* e *poñen* non era libre, senón que estaba condicionada polas necesidades métricas. Certamente, ao final desta centuria *poñen* tiña que gozar dunha frecuencia de uso na lingua oral que non se correspondería para nada coa súa ausencia na moi fragmentaria documentación conservada: a isto apuntan os datos dos primeiros textos do XIX, nos que *(com)poñen* é moito máis abundante ca *pon* e mesmo aparece nun texto en que o infinitivo que se le é *pór* (cf. Mariño Paz 2003: 239)²⁷. En fin, que a información que nos proporcionan os textos do galego medio é moi parcial a respecto disto resulta tamén evidente cando observamos que, se no galego medieval non achamos máis que rexistros de *pōen* e *poen* para a P6 de *pōer*, nos do XVII e o XVIII só alcanzamos a ver testemuños de *pon*, sen rastro ningún dun *poen* que aínda non se extinguiu na actualidade.

Canto á P6 dos presentes de indicativo de *ter* e de *vir*, o ALGa1 (mapas 374, 408) mostra que á altura de 1975, aproximadamente, *teñen* e *veñen* se usaban por case todo o territorio, mentres que as variantes tradicionais *ten* e *ven* se circunscribían ao oeste da provincia da Coruña, ao centro e sur da de Pontevedra e a distintas zonas da de Ourense, onde en todo caso aparecían en moitos lugares en concorrencia xa desfavorable para elas con *teñen* e *veñen*. No galego oriental prevalecían daquela *tein* e *vein*, con *tei* ou *tēi* e *vei* ou *vēi* nalgúns puntos do leste de Lugo e do oeste de León.

Polo contrario, as fontes do galego medio amosan un predominio indiscutible das variantes con coalescencia vocálica *ten* e *ven* que xa afloraran na documentación medieval. Con certeza, este predominio está algo magnificado pola recursividade con que en HDS se empregaron fórmulas do estilo de “Os de Rivadeneyra *ten* seu pazo e casa de soar no castello chamado Lupario” (HDS, 51)

²⁶ O uso advertido en HSIIF (P6 *pon*), aínda podendo etiquetarse como meridional, non estaría xeograficamente moi lonxe do propio de Cernadas. Recórdese que o seu autor, Pedro de Otero Romero y Torres, debía de ser natural das terras do Salnés e residiu na vila de Padrón (cf. Arias / Noia 2011: 23-24), onde hoxe en día non se conserva a P6 *pon*. É relevante ter en conta tamén que o *pon* de HSIIF aparece nunha pasaxe en que o seu autor non seguiu o texto de CI, senón outras fontes historiográficas en castelán ou en latín que tamén utilizou para o seu propósito.

²⁷ Aos datos do meu traballo de 2003 hai que lles engadir aínda o dun texto que entón non coñecía, o do *Segundo Diálogo dos Esterqueiros* de 1807, no que se le *poñen* (cf. Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz 2008: 44, v. 444). Este é o máis antigo rexistro desta variante innovadora que hoxe en día coñezo.

ou “Estos cabaleiros [os *Feijos*] *ven* de Mendo Sandi e de Dona Aldara de Ribera” (HDS, 59). Mais esta distorsión ten unha magnitude moderada, pois se nos nos cómputos fixésemos caso omiso desta *Historia de don Servando*, o marcado predominio de *ten* fronte a *teñen* sería de 80% fronte a 20% (e non de 91,5% fronte a 8,5%) e o de *ven* fronte a *veñen* de 77,8% fronte a 22,2% (e non de 95% fronte a 5%), o que quere dicir que de ignorarmos HDS a diferenza entre variantes antigas e variantes innovadoras sería menor, pero de todos os xeitos moi avultada. Desde logo, non se poden trazar paralelismos estritos entre estes usos escritos (moitos deles en textos en que as esixencias de medida dos versos resultaban determinantes) e os usos orais da época, pero con todo cabe afirmar que as variantes conservadoras aínda tiñan que manter unha frecuencia de uso moi alta no galego oral de todo o século XVIII. Neste sentido, é ben significativo que tanto no caso de *ter* coma no de *vir* todas as ocorrencias que se dan en textos en prosa sen condicionamentos métricos (CNV1, HY, HDS, HSIIF, MGO, APC e o rexistro de *ven* en PDG) son para *ten* ou para *ven*. Tamén o é que das dezasete fontes que conteñen rexistros desta P6 só cinco presentan a innovación *teñen*, e que das dez con P6 de *vir* só unha ofrece *veñen*.

Os indicios que nos poden proporcionar as reflexións baseadas na presumible procedencia xeográfica de diversos textos da época tamén apuntan cara ao uso ou o coñecemento de *eles / elas ten* en lugares onde hoxe só se emprega *teñen*: a probable Pontevedra e comarca curcunveciña de DAB e CVGR²⁸, o tamén probable Santiago de HY (que deixou en *ten* os *téén* e *ten* de CI), as terras da capital ourensá, de Chantada e de Coles de HDS, o Santiago de CF e DC, o Lousame de CF ou a zona do curso alto do Ulla de APC. Por outro lado, se fose correcta a hipótese de que os “Versos gallegos à Nuestra Señora de Reza” (1708) non son obra de Joseph Noguerol y Camba senón do quirogués Luís de Losada²⁹, o emprego que neles se observa de *ten* non parece cadrar exactamente co da Quiroga actual, mais si co de terras pouco distantes dela³⁰.

²⁸ Este coas variantes *teín* e *teñen* no tardío manuscrito MP, que nin saíu da man de Sarmiento nin contou coa súa supervisión (cf. Mariño Paz 1995: 14-17).

²⁹ Esta hipótese foi defendida por Julio González Montañés no Simposio “Calen barbas, falen cartas. A escrita en galego na Idade Moderna (Santiago de Compostela, 20-22 de novembro de 2017). Sobre outra obra segura de Losada e o uso que nela fixo o autor de variantes lingüísticas quiroguesas cf. Mariño Paz / Suárez Vázquez (2012).

³⁰ A meu ver, o uso de *oy* (v. 2) por *hoxe* neste poema é un indicio forte a favor da súa atribución a un quirogués como Losada, xa que, consonte Fernández Rei (1990: 103) e o ALGa4 (mapa 170), *hoi* rexístrase

No tocante a *eles / elas ven*, cómpre referirse tamén a certos textos que suxiren o seu uso ou o seu coñecemento en zonas en que hoxe non se conserva: Ourense, Coles e Chantada en HDS, Pontevedra en MGO e Santiago e Lousame en CF. Para o *ven* de FM4, obra de Joseph Gil Taboada, de familia lalinense, atopo un certo referendo no ALGa1 (mapa 408, nota 9), onde se nos di que en Lalín se empregaba hai uns corenta anos a P6 *ten*, polo que cabe supoñer tamén, cando menos antigamente, o de *ven*. Así mesmo, algún eco do uso observable en HSIIF, obra dun autor do Salnés aveciñado en Padrón, podería estar vibrando aínda no Laíño (Dodro) do último cuarto do século xx, onde o ALGa 1 (mapa 408) deixou constancia da resistencia da P6 *ven*, que se empregaba daquela xunto con *veñen*; canto a isto, é relevante que este *ven* de HSIIF apareza nunha pasaxe en que o autor non seguiu o texto de CI.

As primeiras documentacións que coñezo das innovacións *teñen* e *veñen* son moi serodias, de principios do xviii no caso da primeira e probablemente de entre 1773 e 1777 no da segunda. O reducido do seu número invita a pensar nunha difusión xeográfica e social aínda moi lonxe das actuais ao final do século xviii, mentres que a notable frecuencia que alcanzan nas do xix (cf. Mariño Paz 2003: 245-246, 251; González Seoane 1992: 625-627) permite conxecturar que nesta centuria se debeu de vivir unha fase álxida da pugna entre elas e as tradicionais *ten* e *ven*. Agás a baionesa CFB, as fontes que presentan estas variantes innovadoras proceden da metade setentrional de Galicia (SFR, RUSA, CF, DC), talvez porque estas formas analóxicas, aínda que non xurdisen nun único núcleo territorial a partir do cal se expandisen, estiveron orixinariamente máis estendidas polo centro, norte e leste da provincia da Coruña e pola maior parte da de Lugo.

Da carencia de testemuños de *poñen* non se pode inferir que no seu caso a difusión fose máis lenta ca nos de *teñen* e *veñen*. En efecto, de termos en conta o limitado número de fontes escritas con que podemos traballar para aquela época e tamén que *ter* e *vir* alcanzan no galego actual unha frecuencia de uso moi supe-

modernamente no galego de Asturias, do leste de Lugo e de falas do Bierzo. É certo que o ALGa4 (mapa 170) só rexistra *hoxe* en Quiroga, mais no non moi distante Carracedo (León) sitúa *h[o]i* e no tamén cercano Benuza (León), *h[ɔ]i*. Así mesmo, é moi significativo que o ALGa2 mostre en Quiroga alternancia de *catro* / *cuatro* e de *cando* / *cuando*, pois en JNC lemos *quatro* (v. 25) e *cando* (v. 26). As variantes *ladròs* (v. 37) e *eiqui* (v. 52; tamén en LL, v. 39) tamén cadran co uso actual de Quiroga, como tamén o SNP *-che* (*alumbrache*, v. 32), o SNP *-i* da P5 do imperativo (*quedaybos*, v. 56); non tanto *iste* (v. 6), *istes* (v. 19) e *moytas* (v. 50), que se poderían interpretar como préstamos dialectais lucu-aurienses na lingua de Losada.

rior á de *pór* ou *poñer* (cf. Bugarín López 2007), resulta verosímil que *poñen* non apareza simplemente porque hai bastantes menos rexistros de *pór* ou *poñer* ca de *ter* e *vir* nos textos do galego medio. Realmente, é de presumir que, a pesar da ausencia de calquera ocorrencia de *poñen* ou dos seus derivados nas fontes escritas dos séculos XVI, XVII e XVIII, na lingua oral xa se usase entón tal variante, conecurable para a segunda metade do século XV dado o xa mencionado rexistro do copretérito *ponja* en LNAP (1457) e para principios do XVI en razón do uso do infinitivo *poñer* nun texto de 1519 (VFD: II, 218).

2.2. *Ende*: de adverbio pronominal a conector ilativo e adversativo³¹

En dous textos do século XVII, un de arredor de 1627 (MT) e outro de 1671 (EF), *ende* úsase como un marcador discursivo que conecta dous argumentos con sentido ilativo, é dicir, que presenta o segundo como unha reacción xerada como resposta ao expresado polo primeiro. En efecto, o que en ambos os casos vemos é un conector que dá paso a preguntas que se fan como réplica a algo afirmado inmediatamente antes, ben para redargüír (MT), ben para pedir explicacións (EF):

Eu, meu santo, oyn agora
o crego desta maneira:
que bos dan por compañeira
unha santa gran doutora;
¡ballame nosa Señora!
¿*Ende* bos non bastas soo
para desfacer empoo
cantos mouros e judeos
houber contrafe de Deus?
Deciao el meu abo.

(MT, vs. 11-20)

³¹ Non dispoño de espazo para tratar aquí nin sobre a gramaticalización de *ende ben* (CF1, vol. V, p. 183; RG, vs. 1-4) como o que Álvarez e Xove (2002: 605) chaman “adverbio conector” nin sobre o que semella a transformación de *ende* nunha preposición que antecede un xerundio verbal para indicar anterioridade inmediata respecto do expresado polo verbo principal: “*Ende* vindo Todos Santos / e pasando San Andrés / viño novo vello he” (PDG, p. 469). Para ambas as formas hai verosímiles precedentes medievais (cf. TMILG) e rexistros en fontes lexicográficas e literarias dos séculos XIX e XX (cf. DdD e TILG).

P[*ortugués*]: Eu venho sabeis a que?
À darbos muto e do pau.

L[*abrador*]: Força, ira de callau!
Ende iso, señor, por q[*ue*]?

P[*ortugués*]: Porque quero.
(EF, 2r.)

No galego contemporáneo estes dous valores exprésanse normalmente mediante o marcador discursivo *e logo* —que con eses mesmos sentidos se transforma en *y luego* no castelán de Galicia (cf. Vázquez Veiga / Fernández Bernárdez 1996: 724-727, 728-729) —, e xa nunca por medio de *ende*. Non coñezo ocorrencias de *e logo* como marcador discursivo nas fontes do galego medio³², mais si bastantes nas de principios do XIX, tanto cos dous valores anteditos coma con outros³³. Parece, por tanto, que *e logo* se consagrou como sucesor de *ende* para a expresión deste tipo de conexións argumentativas, con usos orais que certamente datarán de antes de que os seus rexistros chegasen á lingua escrita hoxe coñecida da primeira década do oitocentos. Probablemente, na lingua oral do século XVIII o esmorecemento de *ende* con este valor correu en paralelo coa creación e a inicial propagación da innovación *e logo*.

Mentres que en MT e EF *ende* funciona como un conector integrado na oración que abre, no caso que a seguir transcribo aparece como un conector parentético³⁴ que está dotado dun valor adversativo (‘mais’, ‘pero’, ‘porén’):

Logo ben podo dezer
Falando coa boca chea,

³² Tampouco sinala ningún Freixeiro Mato (2005: 142-143).

³³ Debido ás lóxicas limitacións de espazo que debo respectar, indico só os valores ilativos e as referencias bibliográficas dalgúns destes rexistros decimonónicos de *e logo*: introdutor dunha demanda de explicación ou de información adicional sobre o tópico (DE1, v. 527; DAS1, l. 39; PC, l. 29), introdutor dun contraargumento (PG, l. 591; TQ1, l. 37; DAS1, l. 74), tematizador ou introdutor dun novo tópico (DE2, v. 283; TP1, l. 44)...

³⁴ Sobre a diferenza entre conectores integrados e parentéticos cf. Montolío Durán (2001: 35), de quen se fai eco Freixeiro Mato (2005: 171-172). No caso de FM8 a pausa está marcada con coma no propio texto impreso de 1697.

Mais lle debe èl à Cidade,
Que à Cidade ò gran Fonseca.

Confesso en canto ò primeiro,
Ende, nego à consecuencia:
El non librou òs veziños
De trabucos, è canseiras?

(FM8, vs. 33-40)

Do meu punto de vista, os tres usos anteriores pódense explicar como o resultado dunha evolución semántica que empezou por trasladar para o causal e o consecutivo o inicial sentido espacial ou referencial do vello adverbio pronominal *ende* (ou da súa variante apocopada *en*) ‘de aquí, de alí, del(es), diso’ (< lat. ĪNDE). En efecto, se o conector ilativo de MT e EF introduce preguntas xeradas como réplica a algo afirmado inmediatamente antes, o adversativo de FM8 presenta unha consecuencia contraria a aquela que o dito en primeiro lugar facía esperar, de tal maneira que en calquera dos casos *ende* dá paso a un enunciado que se xera como un efecto desencadeado polo enunciado anterior. A mudanza semántica de *en(de)* —exento de preposición ou precedido de *por* (*por en(de)*)— desde o sentido espacial ata o referencial e despois ata o causal e o consecutivo, xa operada no galego medieval, foi explicada hai anos por Brea (1988: 184-185):

A evolución semántica [de *en*] ven xustificada perfectamente a partir do primitivo significado do adverbio latino ĪNDE, é decir, ‘de alí’. Cando ese punto ó que se fai referencia non é un lugar, senón un ser (persoa, obxecto, etc.), pasará a ser ‘de eso’ (ou ‘del, dela’, ...) e, dado que a procedencia ou orixe de algo pode se-la causa dese algo, acabará desenrolando en ocasións un valor causal, que virá marcado dun xeito máis evidente se se reforza mediante a preposición *por*. Unha vez fixado como complemento causal en *por en*, non resulta difícil entender que chegue a gramaticalizarse funcionando como conxunción consecutiva.

Certamente, o sinalamento do axente causante de algo pódese completar coa explicitación dese algo ou dunha consecuencia derivada dese algo, de tal maneira que, adoptando a terminoloxía de Mattos e Silva (1984), podemos dicir que na nosa lingua medieval tanto *porén* (< PRO ĪNDE) coma *pero* ou *peró* ‘por isto’ (< PER HŌC) se usaron a miúdo cun valor “conclusivo-explicativo” que está

abundantemente documentado³⁵. Do meu punto de vista, esta combinación de *por* con *ende* ou *en* revela, xa na lingua medieval, unha tendencia para a perda da consciencia do primitivo valor semántico de tal adverbio pronominal ('de alí', 'diso')³⁶, xa que en caso de tal valor se manter non cabería a asociación conceptual das preposicións *por* e *de*: en efecto, con valor conclusivo-explicativo *por ende* ou *porén* non podían significar 'por disto', senón 'por isto'.

Con todo, o que máis importa para a elucidación da traxectoria evolutiva deste adverbio e dos casos de MT e EF é que no galego escrito da Idade Media non son poucos os rexistros en que *ende* sen preposición *por* expresa unha conexión causal³⁷ ou, coma nas dúas pasaxes seguintes, unha conexión consecutiva:

Ca assi como o ladrom que anda a furtar, uos apartades et andades et, pero que uos buscamos, nõ uos podemos achar. Et somos *ende* muy maos por que tãto uollo sofremos (TC, 73.64-66).

Amjgos, oýde et creede o que vos ora diser. Sabede que día de cras sayrey eu d'aqui et yrm'ey ao meu Señor Ihesucristo; et *ende* uos rrogo que ueledes conmjgo ata aquela ora que me ouver a yr d'aquí (MS, pp. 126-127).

Son evidentemente estes usos de *ende* con valor consecutivo os que prefiguran a súa actuación como conector ilativo, patente en dúas fontes galegas do xvii.

Canto ao desenvolvemento do seu valor adversativo, visible en FM8, cómpre recordar que este proceso de cambio tamén se deu con *porén*. Consonte Mattos e

³⁵ Deixando a un lado *pero* ou *peró*, que non constitúe o obxecto principal da miña atención nesta contribución, poderíanse poñer numerosísimos exemplos medievais en que *por ende* e *por en* asumen este sentido. Sinalo só un coa variante plena e outro coa variante apocopada: "Poys que el rey don Fruella ouve reynado hũu año et dous meses, quanto auemos dito susu que reynara, engafeçeu; ca os ma[o]s nõ quer Deus que chegẽ aa meadade de seus dias. Et *por ende* perdeu muyto agina o rreyno" (TC, 55.1-3); "E sabi que o cavalgar moito de noite empece ao cavalo [...]. E *por én* val más cavalgar en el porla mañãa" (TA, p. 65)

³⁶ Tamén a revela a súa frecuente asociación con *de*, na que asume o valor espacial 'alí', coma neste caso: "et con moi grande alegría entraron ennos navíos logo que tempo ouveron para se *d'ende* partir" (HT, p. 1402). Co mesmo sentido espacial ('alí'), mais sen preposición, aparece a miúdo en CI: "fezo et orde nou o mosteyro de Santa Maria de Coonjo de moy boa egleja et claustra, et cercoa de boos muros, et fezo *ende* hũa moy grande orta ata cerqua do rrio" (CI, 6.9). Con valor temporal ('entón') e precedida de *des* lese, por exemplo, nesta pasaxe: "Et *des ende* fezo seus sacrificios a aquelas deesas" (HT, p. 1435).

³⁷ "E pois entrou en Tolosa, foi llogo fillar pousada / en casa dun grand' erege, non sabend' end' ele nada; / mas quando o viu a gente, foi *ende* maravillada / e disseron ao fillo: 'Dest' albergue vos quitade'" (CSM, 175.11-14). "Et darria he door de ventre, que ronpe as entranas et faz ñnos omes menaçõ tan forte que morrẽ os omes *ende*" (TC, 129.17-18).

Silva (1984: 144-149), a adquisición deste significado por parte de *porén* debeu de darse debido á concorrencia de dous factores: a perda da consciencia da súa composición etimolóxica —consumada tamén en *pero*, mais no caso de *porén* acompañada do completo abandono do antigo emprego de *ende* ou *en* como adverbio pronominal—, e o seu uso en contextos negativos ou en oracións xa marcadas como adversativas, nas que se utilizaba en compañía de conxuncións como *mais* (*mais pero*, *mais porén*). Con tal valor adversativo *porén* aparece xa nas *Cantigas de Santa María*³⁸ e, aínda que en galego este tipo de conexión tendeu despois a expresarse prioritariamente coas conxuncións *mais* e *pero*, o testemuño do romance de 1697 de Juan Antonio Torrado (FM8) revela que ao final do século XVII aínda debía de circular en certas variedades da nosa lingua un *ende* adversativo desprovisto da preposición *por* para o que, en todo caso, non coñezo ningún antecedente medieval³⁹. A meu ver, o feito de que os tres *endes* galegos do século XVII aparezan sen preposición revela que un proceso análogo ao de *porén* aconteceu tamén con *ende*, que a partir do significado espacial e referencial desenvolveu tamén o causal e aínda o ilativo e o adversativo.

Batemos aquí, en definitiva, cun cambio lingüístico cuxas orixes medievais demandan aínda unha exploración a fondo dos diversos usos de *ende* ou *en* na documentación conservada e cuxo percorrido no galego medio só pode ser reproducido de maneira aproximativa, porque a día de hoxe só contamos con seis rexistros desta voz nos textos do XVI, do XVII e do XVIII: os tres aquí analizados, os dous de *ende ben* e o de *ende vindo* (cf. nota 31). Podemos dicir, iso si, que o emprego de *ende* como conector ilativo debeu de irse extinguindo no século XVIII a medida que como tal se habilitaba e propagaba outra fórmula *-e logo-* xerada a partir doutro adverbio temporal que desenvolveu usos de conector consecutivo (*logo*)⁴⁰. Canto ao *ende* adversativo, pouco podemos concluír aquí, pois, ademais de nos faltaren datos sobre o seu posible percurso medieval, o feito de que só dispoñamos para el de un rexistro no galego medio proxecta serias dúbidas sobre o grao de difusión de que entón puido chegar a gozar.

³⁸ Véxase: “Que ascondeu no meu saco o vaso per que prendesse / eu a morte crua e maa; *poren* non quis que morresse / a Virgen Santa María, mas guisou-mi que vivesse (CSM, 175.59-61).

³⁹ Conste, con todo, que non fixen unha exploración exhaustiva.

⁴⁰ Con distinta cronoloxía, deuse un proceso análogo nos casos de *entón* e *daquela* (cf. Freixeiro Mato 2013: 438-443).

FONTES HISTÓRICAS CITADAS

- ÁLVAREZ, Rosario / Ernesto GONZÁLEZ SEOANE (eds.) (2017): *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.gal/gondomar/>.
- ÁLVAREZ SOTELO, Juan (ca. 1700): *Historia general del Reyno de Galicia*, ms. Real Academia de la Historia (Madrid): catalogación 9-5521.
- APC: Anónimo ao prior de Camanzo (1788), en Rosario ÁLVAREZ / Xosé XOVE (2004): «Achegas para a historia da lingua: unha carta do século XVIII», en Rosario ÁLVAREZ / Antón SANTAMARINA (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 35-64.
- ARMESTO Y OSSORIO, Ignacio de ([1735/1737]): *Theatro anti-crítico universal sobre las obras del muy R. P. Maestro Feyjoo, de el Padre Maestro Sarmiento y de Don Salvador Mañer*. Madrid: Oficina de Francisco Martínez Abad.
- CF1: Diego Antonio CERNADAS Y CASTRO (1778-1781): *Obras en prosa y verso del Cura de Fruíme D. Diego Antonio Cernadas y Castro, natural de Santiago de Galicia*. 7 tomos. Madrid: Joachin Ibarra. [As poesías galegas encontráanse en: tomo I, 315, 316, 322-323, 331; tomo II, 42; tomo III, 305, 314-318; tomo IV, 191-192, 193; tomo V, 72-73, 138, 181-183; tomo VII, 389, 390, 391, 396, 397, 398, 399].
- CF2: Diego Antonio CERNADAS Y CASTRO, Cura de Fruíme: Poemas galegos do «manuscrito compostelán» (Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, ms. 631), 1754-1776. [Publicados por Xulio PARDO DE NEYRA (2002): *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme. Textos galegos de Zernadas y Castro*. Santiago de Compostela: Laiovento, 168-183].
- CF3: Diego Antonio CERNADAS Y CASTRO, Cura de Fruíme: Poemas galegos do «manuscrito coruñés» (Biblioteca particular, A Coruña), ca. 1755. [Publicados por Xulio PARDO DE NEYRA (2002): *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme. Textos galegos de Zernadas y Castro*. Santiago de Compostela: Laiovento, 183-194].
- CF4: Diego Antonio CERNADAS Y CASTRO, Cura de Fruíme: Poemas galegos contidos en manuscritos do Museo de Pontevedra (Fondo documental Cabeza de León, rex. 1315-202, caixa 10-2), 1775-1778. [Publicados por Xulio PARDO DE NEYRA (2002): *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme. Textos galegos de Zernadas y Castro*. Santiago de Compostela: Laiovento, 157-166].
- CF6: [Diego Antonio CERNADAS Y CASTRO, Cura de Fruíme]: «Loa para la fiesta de los Dolores de la Soledad de Fruíme» [Datable ca. 1775, segundo a estimación que en comunicación persoal me confiou Damián Suárez Vázquez]. Manuscrito ARAG/2.10.3.2.1//Caixa 184-31-5 do Arquivo da Real Academia Galega, dispoñible en https://arquivo.galician.gal/arpadweb/gl/consulta/resultados_busqueda.do?desc=N&id=3148&cpoicion=118&forma=ficha. Pódese ler neste libro, pp. 295-356.
- CFB: «Cantija que Resa un conto pasado cun señor Faraute mandon na vila de Bayona de J Galicia» [ca. 1790]. (Fundación Penzol, Vigo, ms. CA-489/003).
- CG6: Carta de María de Moscoso e Sotomaior, Laiosa, 27/2/1604, en Rosario ÁLVAREZ / Xosé Luís RODRÍGUEZ MONTEDERAMO (2004/2005): «Escrita epistolar en galego: a correspondencia de Don Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar (1567-1626)» (I), *Boletín da Real Academia Galega* 365, 253-291; e (II), *Boletín da Real Academia Galega* 366, 225-303 [a carta está en I, p. 276].

- CI: José António SOUTO CABO (ed.) (2001): *Crónica de Santa María de Íria*. Estudo e edición de José António SOUTO CABO. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos / Edicións do Castro.
- CNV1: Primeira carta de Nicolao de Ventín (1527), en Rosario ÁLVAREZ / Xosé XOVE (2013): «Cartas que cruzan o Miño. Correspondencia con don Pedro Álvarez V de Soutomaior, falsificador (1527)», en Rosario ÁLVAREZ *et alii* (eds.): *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 29-55 [CNV1 está nas pp. 34-35].
- CSM: Walter METTMANN (ed.) (1959/1972): Alfonso X: *Cantigas de Santa Maria*. 4 vols. Coimbra: Acta Universitatis Conimbrigensis. Reed.: Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1981 (2 vols.).
- CVFG: Fr. MARTÍN SARMIENTO (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. PENSADO. Salamanca: Universidad de Salamanca [1746-1770].
- CVGR: Fr. MARTÍN SARMIENTO (1995): *Coloquio de vintecatroy galegos rústicos*. Edición de Ramón MARIÑO PAZ. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega [1746-1747].
- DAB: Rosario ÁLVAREZ / Xosé Luís RODRÍGUEZ MONTEDERAMO (2002): «O *Diálogo de Alberte e Bieito*. Dramaturxia, elites letradas e escrita en galego a fins do século XVI», *Boletín da Real Academia Galega* 363, 241-305 [ca. 1595-1596].
- DAG: Margot SPONER (1934): «Documentos antigos de Galicia», *Anuari de l'Oficina Romànica de Lingüística i Literatura* 7, 113-192.
- DAS1: *Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco, Bartolo e Freitoso*. Santiago: Imprenta de J. Núñez Castaño, 1836 [Véxase en MARIÑO PAZ / BARREIRO FERNÁNDEZ / ANEIROS DÍAZ (2008: 320-331)].
- DC: Décimas contra Cernadas (ca. 1773-1777), en Xosé Antonio FERNÁNDEZ SALGADO (2017): *Cincuenta décimas contra don Diego Zernadas*. Edición e estudo dun novo texto en galego do século XVIII. Santiago de Compostela: Laiovento.
- DdD: Antón SANTAMARINA (coord.) (2006-2013): *Diccionario de diccionarios (Corpus lexicográfico da lingua galega)*. Seminario de Lingüística Informática - Grupo TALG / Instituto da Lingua Galega [<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>]. [Consulta: xaneiro-maio 2018].
- DE1 [Primeiro Diálogo dos Esterqueiros]: *Rabioso el Arzobispo de Santiago p[o]r no haber logrado la Prebenda para su querido Andres, despachò parte de sus familiares, y entre ellos le tocò la china à su Estercolero Pedro Abelleira, y dandole el Pesame (como era regular) su Compadre Diego de Carbia, se sabe que pasò entre ellos dos la siguiente conversacion* (ms., ano 1807) [Véxase en MARIÑO PAZ / BARREIRO FERNÁNDEZ / ANEIROS DÍAZ (2008: 27-36)].
- DE2 [Segundo Diálogo dos Esterqueiros]: *Pasando una de estas tardes el Autor del Diálogo de los Estercoleros por la Calle de Pitelos, hallò à Pedro de Avelleira, que estaba al parecer tomando el sol, al tiempo que subia la cuesta de Sar Diego de Carbia. Luego que viò este à su compadre se dirige à él, y abrazandole empieza una graciosa conversacion, que por la diversidad y rareza de noticias juzgò digna de escribirse, y asi lo hizo en la manera siguiente* [Véxase en MARIÑO PAZ / BARREIRO FERNÁNDEZ / ANEIROS DÍAZ (2008: 37-48)].
- EF: Ramón MARIÑO PAZ (1997): «Edición do *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* (1671)», *Ensaio. Revista de Teatro de Galicia e do Norte de Portugal* 1, s.p.
- EHGBG: Fr. Juan SOBREIRA (1974): «Ensayo para la historia general botánica de Galicia», en José Luis PENSADO: *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia, 221-267 [1794].

- FDUSC: María Xosé JUSTO MARTÍN / Manuel LUCAS ÁLVAREZ (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237 / 1537). Edición diplomática*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- FM: *Fiestas Minervales, y/ aclamacion perpetua de las Musas, à la inmortal memoria de el Ilustrissimo, y Excelentissimo Señor/ D. Alonso de Fonseca/ El Grande, Arzobispo de Toledo, y de Santiago,/ por/ su Escuela, y Vniuersidad,/ que/ afectuosamente las consagra, dedica, y ofrece, al Excelentissimo Señor Conde del Monte-Rey, su Protector, Valedor,/ y Mecenas:/ Por mano de el doctor D. Joseph Varella y Vasadre, Retor de dicha Vniuersidad, y Prior de la Santa y/ Apostolica Iglesia de el Señor Santiago: Con acuerdo de el Claustro; y por su comision; de el Secretario, que/ obediente las describe*. Santiago: Antonio Frayz, 1697, 29-55. Ed. facsímil, con *Estudio literario das Festas Minervais Compostelanas de 1697* de Xesús ALONSO MONTERO, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1993 [FM1: Romance de Joan del Río y Otero; FM2: Romance de Francisco Antonio del Valle; FM3: Romance de Juan Correa Mendoza y Sotomayor; FM4: Romance de Joseph Gil Taboada; FM5: Romance de Bernardo Vallo de Porras; FM6: Romance de Joseph Guerrero Lasso de la Vega; FM7: Romance de [Fabián Pardiñas Villardefrancos]; FM8: Romance de Juan Antonio Torrado; FM9: Romance de Ignacio Rodríguez].
- GMM: Rosario ÁLVAREZ (2018): «Galanteo de mozo e moza, romance en lingua galega (séc. XVIII). Edición e estudo», *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 21, 15-31 [ca. 1750].
- HDS: José António SOUTO CABO (ed.) (2007): *A história de Don Servando*. Estudo e edizón de José António SOUTO CABO. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos / Ediciós do Castro [ca. 1625-1637].
- HG-P: Clarinda DE AZEVEDO MAIA (1986): *História do Galego-Português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- HSIIF: Pedro DE OTERO ROMERO Y TORRES (2011): *Historia da Santa Igrexa de Iria. Manuscrito galego do século XVIII*. Edición e introdución de Bieito ARIAS e Camiño NOIA. Vigo: Universidade de Vigo [1713-1737].
- HT: Ricardo PICHEL GOTÉRREZ (2013): *A Historia Troiana (BMP ms. 558). Edición e estudo histórico-filolóxico*. 2 tomos [Tomo I: Estudo histórico-filolóxico. Tomo II: Edición]. Tese de doutoramento (inédita). Universidade de Santiago de Compostela.
- HY (ca. 1617-1630): *De Ecclesia S. Mariae Virginis de Yria in Diocesi Bracarenensis. [...] Historia de Yria*. Manuscrito da Colección Barberini da Biblioteca Apostólica Vaticana (Barb. lat. 3578). [Copia seiscentista da *Crónica de Iria* do século XV («Es papel raro por no auer otro escripto en la lengua gallega»)].
- JNC: José NOGUEROL Y CAMBA: «Versos gallegos à Nuestra Señora de Reza» (1708), en *El Clarín de la Fama y Cithara de Apolo. Con métricos rasgos a la Reales Fiestas, que en el felicísimo nacimiento de el Principe N. Señor D. Luis Jacobo Primero el Deseado executó la esclarecida y nobilissima, y muy leal Ciudad de Orense*. Santiago: Imprenta de Antonio de Aldemunde, 179-180.
- LL: Ramón MARIÑO PAZ / Damián SUÁREZ VÁZQUEZ (2012): «Luís de Losada e o pranto galego pola morte de Luís I de España (1724)», *Boletín da Real Academia Galega* 373, 325-360.
- LNAP: Fernando Rafael TATO PLAZA (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega / Ilustre Colexio Notarial da Coruña.

- LOPES, Graça Videira / Manuel Pedro FERREIRA *et alii* (2011-): *Cantigas Medievais Galego Portuguesas [base de dados online]*. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA (<http://cantigas.fch.unl.pt>) [Consulta: xaneiro-maio 2018].
- LP: Mercedes BREA LÓPEZ (coord. de edición) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica. 2 vols. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias «Ramón Piñeiro».
- MARIÑO PAZ, Ramón / Xosé Ramón BARREIRO FERNÁNDEZ / Rosa ANEIRO DÍAZ (2008): *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*. Edición dos textos, fichas introdutorias e notas de Ramón Mariño Paz. Notas histórico-biográficas de Xosé Ramón Barreiro Fernández. Coordinadora da edición: Rosa Aneiros Díaz. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- MGO: Ramón MARIÑO PAZ (2014): «A carta en galego de Magdalena García de Ogando a Martín Sarmiento. Edición interpretativa e breve comentario lingüístico», *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 17, 67-79 [ca. 1755].
- MS: Ramón LORENZO (ed.) (2004): *Miragres de Santiago*. Valencia: Scriptorium Ediciones Limitadas.
- MT: Ramón MARIÑO PAZ (1999): «As coplas ó Apóstolo Santiago de Martín Torrado (ca. 1627). Edición e estudio lingüístico», en María Teresa GARCÍA-SABELL TORMO *et alii* (eds.): *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, 481-503.
- PC: *Parola k'houbo entre Goriño Antelo, Farruco Allende e Antón Terele a tarde de carta feira d'a outra semana n'a taberna de Cacheiras, relatada ó pé da letra por un urbano que á oeu agachado tras d'unha pipa; o que viña de camiño* (ms., ca. 1836) [Véxase en MARIÑO PAZ / BARREIRO FERNÁNDEZ / ANEIRO DÍAZ (2008: 376-400)].
- PDG: Fr. Juan SOBREIRA (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Edición y estudio crítico por José Luis PENSADO. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijóo [1792-1797].
- PF: Plácido FEIJOO Y MONTENEGRO (1723): «Escoyten que falo eu», en *Sagradas Flores del Parnaso, de la bien templada lyra de Apolo, que a la reverente catholica accion, de aver ido acompañando sus magestades al SSmo. Sacramento, que iba a darse por Viatico à una Enferma, el día 28 de noviembre de 1722, cantaron los mejores cisnes de España*. Madrid: Imprenta de Juan de Ariztia, 1723, 134.
- PG: José FERNÁNDEZ NEIRA (1810): *Proezas de Galicia, explicadas baxo la conversación rústica de los dos compadres Chinto y Mingote*. A Coruña: Imprenta de Vila [Véxase en MARIÑO PAZ / BARREIRO FERNÁNDEZ / ANEIRO DÍAZ (2008: 53-77)].
- RG: «Romance Galogreco» [ca. 1790], en Fr. Juan SOBREIRA (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Edición y estudio crítico por José Luis PENSADO. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo, 482.
- RUSA: Ramón MARIÑO PAZ / Margarita SÁNCHEZ YÁÑEZ / Damián SUÁREZ VÁZQUEZ (2012): *O romance da urca de Santo Antón (1777). Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*. A Coruña: Fundación Barrié.
- SARMIENTO, Fr. Martín (1775): *Obras póstumas del Rmo. P. M. Fr. Martín Sarmiento. Tomo primero. Memorias para la Historia de la Poesía y Poetas Españoles*. Dadas a luz por el Monasterio de S. Martín de Madrid y dedicadas al Excmo. Sr. Duque de Medina-Sidonia. Madrid: Joachim Ibarra.
- SARMIENTO, Fr. Martín (1974): «Carta en respuesta al Rvdmo. P. M. Esteban de Terreros sobre el origen de la lengua gallega y sobre la paleografía española», en José Luis PENSADO: *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia, 17-41.

- SFR: Salvador Francisco ROEL (ca. 1708-1712) [escrita e representada na Coruña xa en 1707]: *Entremes gallego, que compuso Salvador Francisco Roel, natural de la Coruña, al feliz, y real parto de Nvestra Reyna (Que Dios guarde), luego que llegò la noticia*. Santiago: Por Jacinto del Canto, en la imprenta del Doctor Don Benito Antonio Frayz [Disponible en Julio I. González Montañes: «Teatro en Galicia. Noticias de representaciones hasta 1750», <http://www.teatroengalicia.es/bases/representaciones/index.php?table=representaciones&-action=browse&-cursor=330&-skip=330&-limit=30&-mode=list&-recordid=representaciones%3FId%3D372>].
- TA: José Luis PENSADO TOMÉ (ed.) (2004): [Rufus, Jordanus]: *Tratado de Albeitaría*. Introducción, transcripción e glosario de José Luis PENSADO TOMÉ. Revisión para a imprenta e edición en apéndice de Gerardo Pérez Barcala. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- TC: Ramón LORENZO (ed.) (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico e glosario de Ramón LORENZO. 2 vols. [vol. 1: Introducción, texto anotado e índice onomástico, 1975; vol. 2: Glosario, 1977]. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- TEP: José António SOUTO CABO (1996): «O ‘Testamento de Estévão Peres’ (1230). Aproximación à primeira escrita galego-portuguesa na Galiza», *Revista de Filología Románica* 13, 123-149.
- THCS: Alexandra CABANA OUTEIRO (ed.) (2003): *O Tombo H da catedral de Santiago. Documentos anteriores a 1397*. Valga: Concello de Valga.
- TILG: Antón SANTAMARINA (dir.) / Ernesto GONZÁLEZ SEOANE / María ÁLVAREZ DE LA GRANJA (2003): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (Versión 4.1)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.gal/TILG/>) [Consulta: xaneiro-maio 2018].
- TMILG: Xavier VARELA BARREIRO (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.gal/tmilg>) [Consulta: xaneiro-maio 2018].
- TP1: *La Tertulia de Picaños, Patria del célebre y honrado Vilas, capatáz de Carreteros; Conductor de efectos estancados de la Hacienda pública; Mayordomo que ha sido del Santísimo Sacramento; de la Patrona de su Parroquia; de S. Blas; de S. Antonio y Animas; porta-estandarte en muchas y diversas procesiones sacro-profanas; individuo de varias Cofradías, con voto decisivo en ellas, &c.* Individuos que asisten a ella: Vilas, seu fillo Farruco, Pepe, Andruco, e Catuxá. [Santiago]: Imprenta de D. J. F. Campaña y Aguayo, 1836 [Véxase en MARIÑO PAZ / BARREIRO FERNÁNDEZ / ANEIROS DÍAZ (2008: 332-341)].
- TQ1: *La Tertulia en la Quintana, ó Dialogo entre Andruco, Xâcobe è Alberte el dia de Corpus*. Santiago: Imprenta de D. Manuel Antonio Rey, 1820 [Véxase en MARIÑO PAZ / BARREIRO FERNÁNDEZ / ANEIROS DÍAZ (2008: 186-198)].
- VFD: Xesús FERRO COUSELO (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI. Edición de Xesús Ferro Couselo*, 2 vols. Vigo: Galaxia. Ed. facsímil: Vigo, Galaxia, 1996.
- VP: Manuel FERREIRO (1994): «Contribución á lexicografía histórica do galego: o vocabulario de Payzal», *Cadernos de Lingua* 9, 55-88 [ca. 1800].
- XF: «Ay cachopiño belo» [1649], en Rosario ÁLVAREZ (2017): «A lingua galega no espello. Edición e estudo de seis vilancicos cantados fóra de Galicia antes de 1650», *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20, 25-39 [XF está na p. 36.]

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALGa 1: Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 1: *Morfoloxía verbal*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGa 2: Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 2: *Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGa 3: Instituto da Lingua Galega (1999): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 3: *Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGa 4: Instituto da Lingua Galega (2003): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 4: *Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ÁLVAREZ, Rosario / Ernesto GONZÁLEZ SEOANE (2016): «Iluminar los *Séculos Escuros*: Gondomar, un corpus para el estudio del gallego en la Edad Moderna», en Johannes KABATEK (ed.): *Lingüística de corpus y lingüística histórica iberrománica*. Berlín / Boston: De Gruyter, 115-136.
- ÁLVAREZ, Rosario / Xosé XOVE (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- ARIAS, Bieito / Camiño NOIA (2011): «Introdución», en Pedro de OTERO ROMERO Y TORRES (2011): *Historia da Santa Igrexa de Iria. Manuscrito galego do século XVIII*. Edición e introdución de Bieito Arias e Camiño Noia. Vigo: Universidade de Vigo, 15-77.
- BREA, Mercedes (1988): «Anotacións sobre o uso dos adverbios pronominais en galego-portugués», en Dieter KREMER (ed.): *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85.º aniversário*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag / Instituto de Cultura e Língua Portuguesa / Consello da Cultura Galega, 181-190.
- BUGARÍN LÓPEZ, María Xesús (2007): *O galego fundamental: dicionario de frecuencias*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio (1951-1953): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, 3 vols. [vol. I, A-E, 1951; vol. II, F-O, 1952; vol. III, P-Z, 1953]. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- DOMÍNGUEZ FONTELA, Juan (1938-1939): «*Tratado de Albeitaria* por Jordan Rubio, de Calabria», *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, XI, n.º 238, 302-309; n.º 239, 345-352; n.º 240, 395-402; n.º 241, 451-458; n.º 242, 495-502; n.º 243, 543-550.
- DOMÍNGUEZ FONTELA, Juan (1939-1940): «*Tratado de Albeitaria* por Jordan Rubio, de Calabria», *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, XII, n.º 244, 13-20; n.º 245, 93-100; n.º 246, 109-115.
- FERNÁNDEZ REI, FRANCISCO (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- FERNÁNDEZ SALGADO, Xosé Antonio (2017): *Cinquenta décimas contra don Diego Zernadas. Edición e estudo dun novo texto en galego do século XVIII*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2005): *Os marcadores discursivos. Conectores contraargumentativos no galego escrito*. Monografía 3 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2013): «Conectores consecutivos en galego-portugués: da época medieval á actualidade», en Emili CASANOVA HERRERO / Cesáreo CALVO RIGUAL (eds.): *Actas del XXVI Congreso Internacional de Lingüística y de Filología Románicas (Valencia, 2010)*. Berlin / Boston: Walter de Gruyter, vol. V, 437-448. <<https://doi.org/10.1515/9783110299977.437>>.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón / Xosé Manuel SÁNCHEZ REI / Goretta SANMARTÍN REI (2005): *A lingua literaria galega no século XIX*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- GONZÁLEZ GARCÍA-PAZ, Sebastián (1993): *O Colexio de San Clemente de Pasantes de Compostela*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago / Universidade de Santiago de Compostela.

- GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto Xosé (1992): *A ortografía e a gramática do galego nos estudos gramaticais do século XIX e primeiros anos do XX*. Tese de doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- LOUREDO RODRÍGUEZ, Eduardo (2014): «La variable *pór-poñer* en gallego. Una contribución desde la dialectología histórica», en Felipe JIMÉNEZ BERRIO *et alii* (eds.): *Variación geográfica y social en el panorama lingüístico español*. Pamplona: Universidad de Navarra, 33-43.
- LOUREDO RODRÍGUEZ, Eduardo (2018): «Cambio lingüístico e morfoloxía: aproximación ao galego da comarca do Ribeiro», en Francisco CIDRÁS / Francisco DUBERT / Xosé Luís REGUEIRA (eds.): *Gramáticas en tránsito. Variación e mudanza no complexo lingüístico galego-portugués*. Volume especial I de *Estudos de Lingüística Galega*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 237-255. <<http://dx.doi.org/10.15304/elg.vol1.3627>>.
- MARIÑO PAZ, Ramón (1995): «Estudio introductorio», en Fr. MARTÍN SARMIENTO: *Coloquio de vinte catro galegos rústicos*. Edición de Ramón Mariño Paz. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega, 7-102.
- MARIÑO PAZ, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2003): *O idioma galego no limiar da súa renacementa. Estudo lingüístico de textos pregaleguistas*. Monografía 2 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2006): «Heterosilabificación e coalescencia de hiatos en posición interior de palabra no galego medieval (séculos XIII-XVI)», *Verba* 33, 69-101.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2008): *Historia de la lengua gallega*. München: Lincom.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2012): «Estudio lingüístico», en Ramón MARIÑO PAZ / Margarita SÁNCHEZ YÁÑEZ / Damián SUÁREZ VÁZQUEZ (2012): *O romance da urca de Santo Antón (1777). Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 121-170.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2017): *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- MARIÑO PAZ, Ramón / Damián SUÁREZ VÁZQUEZ (2012): «Luís de Losada e o pranto galego pola morte de Luís I de España (1724)», *Boletín da Real Academia Galega* 373, 325-360.
- MARTÍNEZ MOSQUERA, Guadalupe (2001): *O lexema do verbo pōer/poer na época medieval*. Traballo de investigación tutelado (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- MATTOS E SILVA, Rosa Virgínia (1984): «*Pero e porém*: mudançan em curso na fase arcaica da língua portuguesa», *Boletim de Filologia* 29, 129-151.
- MÉNDEZ FERNÁNDEZ, Luz (2015): *O Tumbo das viñas de Ribadavia. Estudo histórico e lingüístico*. Tese de doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- MONTEAGUDO, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega. Idioma, sociedade e cultura a través do tempo*. Vigo: Galaxia.
- MONTOLÍO DURÁN, Estrella (2001): *Conectores de la lengua escrita*. Barcelona: Ariel.
- PENSADO, José Luís (1985): *El gallego. Galicia y los gallegos a través de los tiempos (Ensayos)*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- PÉREZ BARCALA, Gerardo (2013): *A tradución galega do Liber de medicina equorum de Giordano Rufó*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- REAL ACADEMIA GALEGA / INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. 18.ª ed. revisada. Vigo: RAG / ILG.

- SAAVEDRA, Pegerto (1992): *A vida cotiá en Galicia de 1500 a 1850*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel (2006): *A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros*. Ames: Laidvento.
- VARELA, Xavier (1998): «Verrá: os futuros irregulares con vibrante múltiple na *Lírica Profana*», en Xosé Luís COUCEIRO PÉREZ / Lidia FONTOYRA (eds.): *Día das Letras Galegas 1998: Martín Codax, Mendiño, Johán de Cangas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 175-188.
- VÁZQUEZ VEIGA, Nancy / Cristina FERNÁNDEZ BERNÁRDEZ (1996): «Un caso de interferencia lingüística: la forma *y luego* en el castellano de Galicia», en Manuel CASADO VELARDE *et alii* (eds.): *Scripta Philologica in memoriam Manuel Taboada Cid*. A Coruña: Universidade da Coruña, vol. 2, 715-735.

